

## HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

### I. Composición histórica: Consecuencias de la primera guerra mundial (6 puntos)

*A partir de los siguientes documentos debes realizar una composición (una redacción) sobre algunas consecuencias para Europa de la primera guerra mundial y de los tratados de paz que siguieron. No se trata de que resumas o repitas el que se dice en los documentos, sino que elabores un comentario personal teniéndolos en cuenta (citando alguna idea o aclaración de cada uno de ellos) y completes esa información con otros datos que conozcas y tengan relación con este tema.*

#### A) Consecuencias económicas de la paz según Keynes

«La política de reducir a Alemania a la servidumbre durante una generación, de envilecer la vida de millones de seres humanos y de privar a toda una nación de felicidad, sería odiosa y detestable aunque fuera posible, aunque nos enriqueciera a nosotros, aunque no sembrara la decadencia de toda la vida (...) de Europa (...). El tratado no incluye ninguna disposición para lograr la rehabilitación de Europa; nada para levantar a Rusia, ni para promover, en forma alguna, una solidaridad económica estrecha entre los aliados mismos. Los caracteres que expresan la situación inmediata se pueden agrupar bajo tres epígrafes: 1) el hundimiento absoluto para el porvenir de la productividad interior de Europa; 2) la ruina del transporte y del cambio que servían para enviar los productos cuándo y dónde más se necesitaban; 3) la incapacidad de Europa para adquirir productos de Ultramar.»

*John Maynard Keynes: Las consecuencias económicas de la paz, 1919.*

#### B) Otras consecuencias de la primera guerra mundial según el historiador E. Hobsbawm

«La experiencia contribuyó a brutalizar la guerra y la política, pues si en la guerra no importaban la pérdida de vidas humanas y o otros costes ¿por qué podían importar en la política? Al terminar la primera guerra mundial, la mayor parte de los que habían participado en ella –en su inmensa mayoría como reclutados forzosos– odiaban sinceramente la guerra. Sin embargo, algunos veteranos que habían vivido la experiencia de la muerte y el valor sin rebelarse contra la guerra desarrollaron un sentimiento de indomable superioridad, especialmente con respeto a las mujeres y a los que no habían luchado, que definiría la actitud de los grupos ultraderechistas de postguerra (...). Sin embargo la reacción opuesta tuvo también consecuencias negativas. Al terminar la guerra, los políticos, al menos en los países democráticos, comprendieron con toda claridad que los votantes no tolerarían un baño de sangre como el de 1914-1918. Este principio determinaría la estrategia de Gran Bretaña y Francia después de 1918, al igual que años más tarde inspiraría la actitud de los Estados Unidos tras la guerra de Vietnam. A corto plazo, esta actitud contribuyó a que en 1940 los alemanes triunfaran en la segunda guerra mundial en el frente occidental, ante una Francia encogida detrás de sus vulnerables fortificaciones e incapaz de luchar una vez que fueron derribadas, y ante una Gran Bretaña deseosa de evitar una guerra terrestre masiva como la que había diezmando su población en 1914-1918».

*Eric Hobsbawm, Historia del siglo XX, 1995*

### II. Preguntas (responder sólo a 2 preguntas. Calificación máxima: 2 puntos por pregunta)

1. La importancia del ferrocarril en la industrialización
2. Orígenes del Movimiento Obrero: La Segunda Internacional (o Internacional Socialista) y la conquista de los primeros derechos sociales.
3. La crisis de 1929 y la depresión económica de los años treinta (del siglo XX).
4. Orígenes y proceso de construcción de la Unión Europea.

## **HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

### **I. Composición histórica: Consecuencias da primeira guerra mundial (6 puntos)**

*A partir dos seguintes documentos debes realizar unha composición (unha redacción) sobre algunhas consecuencias para Europa da primeira guerra mundial e dos tratados de paz que seguiron.). Non se trata de que resumas ou repitas o que se di nos documentos, senón que elabores un comentario persoal téndoos en conta (citando algunha idea ou aclaración de cada un deles) e completes esa información con outros datos que coñezas e teñan relación con este tema*

#### **A) Consecuencias económicas dos tratados de paz, segundo Keynes**

«A política de reducir a Alemaña á servidume durante unha xeración, de envilecer a vida de millóns de seres humanos e de privar a toda unha nación de felicidade, sería odiosa e detestable aínda que fose posible, aínda que nos enriquecese a nós, aínda que non sementase a decadencia de toda a vida (...) de Europa (...). O tratado non inclúe ningunha disposición para lograr a rehabilitación de Europa; nada para levantar a Rusia, nin para promover, en forma ningunha, unha solidariedade económica estreita entre os aliados mesmos. Os caracteres que expresan a situación inmediata pódense agrupar baixo tres epígrafes: 1) o afundimento absoluto para o porvir da produtividade interior de Europa; 2) a ruína do transporte e do cambio que servían para enviar os produtos cando e onde máis se necesitaban; 3) a incapacidade de Europa para adquirir produtos de Ultramar.»

*John Maynard Keynes: Las consecuencias económicas de la paz, 1919.*

#### **B) Consecuencias da Guerra segundo o historiador E. Hobsbawm**

«A experiencia contribuíu a brutalizar a guerra e a política, pois se na guerra non importaban a perda de vidas humanas e ou outros custos, ¿por que podían importar na política? Ao terminar a primeira guerra mundial, a maior parte dos que participaron nela –na súa inmensa maioría como recrutados forzosos– odiaban sinceramente a guerra. Con todo, algúns veteranos que viviran a experiencia da morte e o valor sen rebelarse contra a guerra desenvolveron un sentimento de indomable superioridade, especialmente con respecto ás mulleres e aos que non loitaran, que definiría a actitude dos grupos ultradereitistas de posguerra (...). Con todo a reacción oposta tivo tamén consecuencias negativas. Ao terminar a guerra, os políticos, polo menos nos países democráticos, comprenderon con toda claridade que os votantes non tolerarían un baño de sangue como o de 1914-1918. Este principio determinaría a estratexia de Gran Bretaña e Francia logo de 1918, do mesmo xeito que anos máis tarde inspiraría a actitude dos Estados Unidos trala guerra de Vietnam. A curto prazo, esta actitude contribuíu a que en 1940 os alemáns triunfasen na segunda guerra mundial na fronte occidental, ante unha Francia encollida detrás das súas vulnerables fortificacións e incapaz de loitar unha vez que foron derribadas, e ante unha Gran Bretaña desexosa de evitar unha guerra terrestre masiva como a que decimara a súa poboación en 1914-1918».

*Eric Hobsbawm, Historia del siglo XX, 1995*

### **II. Preguntas (responder unicamente a 2 preguntas. Cualificación máxima: 2 puntos por pregunta)**

1. A importancia do ferrocarril na industrialización.
2. Oríxenes do Movemento Obreiro: A Segunda Internacional (ou Internacional Socialista) e a conquista dos primeiros dereitos sociais.
3. A crise de 1929 e a depresión económica dos anos trinta (do século XX).
4. Oríxenes e proceso de construción da Unión Europea.